

## As alteracións do [é] no suroeste galego

No suroeste do noso territorio lingüístico, nunha zona que abrangue boa parte do sur pontevedrés e mailo curruncho ourensán da Limia Baixa<sup>1</sup>, ten lugar un fenómeno fonético que afecta ó vocalismo tónico, bastante sorprendente para o galego-falante medio. Trátase da cerrazón da vocal media aberta da serie palatal en posición tónica: [é] > [é̞]. Este fenómeno fora xa constatado por Francisco Fernández Rei como característico e senlleiro destas dúas zonas devanditas.

Estamos perante unha

“cerrazón do *é*, especialmente se a palabra remata en *-e*: *queres*, *neve*, *fixese* no canto de *queres*, *neve*, *fixese*, do resto do galego. A mesma cerrazón se observa en formas como *muller*, *pé* e en voces non patrimoniais como *hotel*, *papel*, que presentan normalmente timbre aberto no *é*.”<sup>2</sup>

Dubidamos moito de que se poida falar para este fenómeno de “metafonía do *-e* final”, feito moi aventurado e inexacto. En contra do exposto noutros estudos sobre o noso idioma<sup>3</sup>, coidamos que a metafonía ou inflexión pola presenza dunha vocal final só é verdadeiramente tal na categoría nominal, mentres que non deberíamos falar nestes termos para a categoría verbal. No fenómeno que nos ocupa, xa que logo, comprobamos como esta “inestabilidade” ou alteración con respecto ó galego común tamén afecta á fonética verbal, e dunha maneira moi importante, como veremos posteriormente. Por outra banda, poderemos constatar que non é necesaria a presenza do *-e* para que se produza a cerrazón da que estamos a falar.

Baseándonos nos datos obtidos en estudos por nós realizados<sup>4</sup>, nos

<sup>1</sup> As zonas denominadas por F. Fernández Rei “subarea do Miño.” e “micro-subárea da Limia Baixa” no seu recente artigo “Aplicación da Dialectoloxía na aprendizaxe do galego común” en *Grial*, 96 (1987), 143-145.

<sup>2</sup> F. Fernández Rei, “Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno” en *Grial*, 77 (1982), 260-261.

<sup>3</sup> R. Carballo Calero, *Gramática elemental del gallego común*, Galaxia, Vigo, 1979<sup>7</sup>, 113.

<sup>4</sup> X.H. Costas González, *Aproximación á fala de Vincios (Val Miñor)*, Tese de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago, 1986.

materiais do Arquivo Dialectolóxico do ILG referentes a estas zonas e na nosa propia experiencia como falantes dunha microárea dialectal abranguida por este fenómeno, coidamos firmemente que estamos perante unha “inestabilidade” non unitaria nin homoxénea, xa que varía relativamente a súa incidencia segundo os termos dos que se trate, segundo os lugares e segundo os falantes, dándose mesmo o feito sorprendente de que un mesmo falante pode articular unha mesma palabra con ou sen a devandita alteración.

Dependendo dos casos nos que concorre este fenómeno, poderíamos establecer catro grandes grupos de palabras que presentan algún tipo de inestabilidade do [é]:

1.— Palabras rematadas en *-e* átono libre ou trabado. Referímonos a termos tipo [‘neβe], [‘metes], [‘keʃe], [fiʃetʃe] (todos eles con [é] no resto do territorio galego). Este primeiro caso de inestabilidade ten unha grande importancia na flexión verbal, especialmente no presente de indicativo dalgúns verbos da CII e no perfecto dos verbos irregulares.

A alternancia da vocal radical tónica do galego común en formas [‘meto] / [‘metes], con [é] na P<sup>1</sup> e [é] nas restantes formas rizotónicas do presente de indicativo desaparece, xa que a única vocal radical vai ser sempre [é] ([‘meto], [‘metes] ... etc.).

Vexamos algún exemplo cos paradigmas dos verbos *querer* e *meter*:

	A	B
P <sup>1</sup>	[‘kefo]	[‘kefo]
P <sup>2</sup>	[‘keʃes]	[‘keʃes]
P <sup>3</sup>	[‘keʃe]	[‘keʃe]
P <sup>4</sup>	[keʃemos]	[keʃemos]
P <sup>5</sup>	[keʃedes]	[keʃedes]
P <sup>6</sup>	[‘keʃeɲ]	[‘keʃeɲ]
P <sup>1</sup>	[‘meto]	[‘meto]
P <sup>2</sup>	[‘metes]	[‘metes]
P <sup>3</sup>	[‘mete]	[‘mete]
P <sup>4</sup>	[meʔemos]	[meʔemos]
P <sup>5</sup>	[meʔedes]	[meʔedes]
P <sup>6</sup>	[‘meteɲ]	[‘meteɲ]


O paradigma A corresponde ós falares galegos con [é] inestable, mentres que o B é o paradigma do galego común.

No pretérito perfecto as formas arrizotónicas poden presentar unha alternancia: [é] nas P<sup>2</sup> e P<sup>5</sup> vs [é] nas P<sup>4</sup> e P<sup>6</sup>, ou ben pode regularizar analoxicamente todo o paradigma en [é]. Vexámolo esquematicamente:


P <sup>2</sup>	[fi'fetfe]	[fi'fetfe]	[fi'fetfe]
P <sup>4</sup>			[fi'femos] ~ [fi'femos]
P <sup>5</sup>	[fi'festes]	[fi'festes]	[fi'festes]
P <sup>6</sup>			[fi'feɫoŋ] ~ [fi'feɫoŋ]
	I	II	III

A situación I desapareceu en boa parte do territorio estudado e mostra o inicio do corremento analóxico que só afecta ó [é] seguido de *-e*. A seguir (estadio II), o [é] froito da alteración vaise extendendo analoxicamente a outras formas con *-e*, neste caso trabado. No derradeiro elo da cadea, estadio III, normal nalgunhas zonas destas áreas, vémo-lo paradigma totalmente regularizado pola extensión analóxica do [é], independentemente de cal sexa a vocal final ou de se esta é libre ou trabada.


Ei-la distribución xeográfica das formas que pertencen a este primeiro grupo de palabras, segundo o material inédito do *Atlas Lingüístico Galego*:




2.— Palabras rematadas en [é] final en sílaba libre. O exemplo máis evidente é *pé* ([ˈpe] en toda Galicia), que nestas zonas se realiza [ˈpe], provocando o lóxico estrañamento dos falantes doutras áreas. Sería bo lembrar que no latín vulgar esta palabra tiña *-e* final (PĒDĒ), polo que, desde unha perspectiva diacrónica, poderíamos incluí-las palabras deste grupo no anterior. Vexámo-la súa distribución xeográfica:



3.— Palabras rematadas en [é] final en sílaba trabada. Falamos en palabras como *dez* ([ˈdes]), *muller* ([muˈjeɾ]) ou *mel* ([ˈmel]). Deberemos facer fincapé no feito de que as palabras deste grupo poden articularse con vocal tónica aberta coma no resto das falas galegas. Renovando co que dicíamos máis arriba, [é] e [e] poden concorrer nos mesmos casos nun mesmo falante, o que nos dá unha idea aproximada da inestabilidade deste fenómeno. Velaquí a súa distribución irregular cos exemplos devanditos:





4.— Palabras non patrimoniais rematadas en [é] libre ou trabado que son articuladas con [é] no resto das falas galegas: [pa'pel], [ka'fe], etc.

A este respecto, cómpre mencionarmos tamén a articulación dos ditongos crecentes das voces non patrimoniais *ie* e *ue* como [jé] e [wé], ó contrario do normal no resto das falas galegas: [jé] e [wé].

A diversidade de resultados e incidencia deste fenómeno podemola constatar esquematicamente no cadro que vén a seguir, realizado a partir de material inédito referido a puntos do *Atlas Lingüístico Galego* (P. 22, P. 24, etc.), recollido polo ILG, ós que engadiremos datos de noso, recoleitos da experiencia propia e do contacto habitual con falantes de seis novos puntos que acompañamos. No presente cadro o signo — indica a presenza do fenómeno.

	1		2		3					
	n[é]be	n[é]be	p[é]	p[é]	d[é]z	d[é]z	m[é]l	m[é]l	mull[é]r	mull[é]r
1. Lougares-Mondariz (P. 22)	—		—			—		—		—
2. Sárdoma-Vigo (P. 24)		—		—		—		—		—
3. Castrelos-Vigo	—		—			—		—		
4. Valadares-Vigo	—			—		—		—		—
5. Guillade-Ponteareas (P. 25)	—		—		—	—		—		—
6. Torneiros-Porriño (P. 26)	—		—		—	—		—		—
7. Mosende-Porriño	—		—		—	—		—		—
8. Ribadelouro-Tui	—		—		—	—		—		—
9. Sela-Arbo (P. 27)		—		—	—	—		—		—
10. Sabaris-Baiona (P. 28)	—		—		—	—		—		—
11. Panxón-Nigrán	—		—		—	—		—		—
12. Vincios-Gondomar	—		—		—	—		—		—
13. Entenza-Salvaterra (P. 29)	—		—	—	—	—		—		—
14. Arrabal-Oia (P. 30)	—		—		—	—				—
15. Vilachán-Tomiño (P. 32)	—		—	—	—	—		—		—
16. Salcidos-A Guarda (P. 33)	—		—	—	—	—		—		—
17. Crespos-Padrenda (O. 19)		—	—			—		—		—
18. Terrachán-Entrimo (O. 26)		—		—		—		—		—
19. Bubaces-Lobios (O. 31)		—	—			—		—		—

En vista do anteriormente exposto, non podemos relacionalo fenómeno coa presenza dun *-e* final, alomenos dunha maneira sistemática, como ben puidemos comprobar. É sintomático tamén que este fenómeno teña lugar só no /é/ e nunca no /ɛ/, polo que Fernández Rei suxire poñer en relación as alteracións do timbre en formas como *queres*, *neve*, etc. e a ditongación existente en Goián (parroquia do concello de Tomiño, no SO pontevedrés). Moitos casos de [é] no canto de [é] poderían ser resultado de monotongación de *ie*, ó igual que noutras zonas da Romanía; daquela, o goianés sería unha reliquia viva desa ditongación<sup>5</sup>. E non só tería lugar nestas zonas galegas senón tamén — e a teor dos datos fornecidos polo dialectólogo portugués Paiva Boleo<sup>6</sup> — na zona miñota

<sup>5</sup> F. Fernández Rei, “Bloques e áreas...”, 287.

<sup>6</sup> M. Paiva Boleo, *Estudos de linguística portuguesa e românica*, 2 vols., Universidade de Coimbra, 1975, 118. Dubidamos moito que se poida establecer unha conexión entre este fenómeno e a “ditongación espontánea” do norte de Portugal, pois as características e os resultados son radicalmente distintos. Véxase a este respecto M<sup>a</sup> H. Santos Silva, “Características fonéticas do falar Minhoto” en *Boletim de Filologia*, XX (1961), 309-321.

portuguesa. Este profesor portugués infórmanos que na comarca de Melgaço é corrente a pronuncia *dês*, *colhêr*, *puđer*, *mulhêr*, etc.

Corrobora a hipótese dunha ditongación pre-literaria do *Ē* o feito de o goianés posuí-lo ditongo [já] en palabras rematadas en *-o* e *-a*, mentres que, polo contrario, ditonga en [jé] nas palabras rematadas en *-e*: ['kjaʎo], ['pjaðʎa] / ['njeβe]. Tamén se podería pensar que a inestabilidade do [é] derivou en ditongo en Goián ([já] ante *-o* e *-a*, [jé] ante *-e*), en tanto que no resto das falas destas áreas, a unha e á outra banda do Miño, a tendencia foi cara á cerrazón no segundo caso, é dicir, perante o *-e* libre ou trabado final.

GALEGO COMÚN	['peðʎa]	['kefo]	['kefe] ['neβe] ['pe]
SO. GALEGO	['peðʎa]	['kefo]	['kefe] ['neβe] ['pe]
GOIANÉS	['pjaðʎa]	['kjaʎo]	['kjeʎe] ['njeβe] {'pje]
	-a	-o	-e

Helena Pousa expresa claramente a este respecto:

“Por suposto non tentamos establecer unha relación directa entre as causas deste fenómeno e a ditongación goianesa, pero quizais estes paralelismos dialectais nunha área máis ou menos compacta, non sexán accidentais e poidan estar enraizados nunha corrente común”.<sup>7</sup>

X. HENRIQUE COSTAS  
EUFPEXB Pontevedra

<sup>7</sup> H. Pousa Ortega, *A fala de Goián. Estudio descriptivo*, Tese de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago, 1987, 91.